Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.

DEBERES DE CONSERVACIÓN, ORDES DE EXECUCIÓN E DECLARACIÓN DE RUÍNA CONFORME A LEXISLACIÓN BÁSICA ESTATAL E AUTONÓMICA

RELACIÓN DA LEI 2/2016 COA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE E COA LEI 5/2016 DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Manuel Mª Chaín Pérez
Arquitecto / Subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Cultuais
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Consellería de Cultura e Turismo

É a memoria do pasado a que nos di porqué somos o que somos e nos confire a nosa identidade.

Umberto Eco.- "¿So se pode contruír o futuro sobre a memoria do pasado?", en ¿Por que lembrar?, Foro Internacional Memoria e Historia, UNESCO, 25 marzo 1998.

O patrimonio cultural no seu máis amplo sentido é á vez un produto e un proceso que fornece ás sociedades un caudal de recursos que se herdan do pasado, créanse no presente e transmítense ás geraciones futuras para ou seu beneficio. É importante recoñecer que abarca non só o patrimonio material, senón tamén o patrimonio natural e inmaterial. Eses recursos son unha "riqueza fráxil", e como tal requiren políticas e modelos de desenvolvemento que preserven e respecten a súa diversidade e a súa singularidade, xa que unha vez perdidos non son recuperables.

UNESCO

Este texto (Lei 5/2016 do PCG / Exposición de motivos) pretende ser a base normativa fundamental na que se plasme o compromiso irrenunciable da Comunidade Autónoma de Galicia co seu **patrimonio cultural** en canto que **eixo fundamental que lle dá sentido e significación**. Este compromiso debe ser manifestación do exercicio da vontade política colectiva, consciente do valor material e inmaterial do recibido nesas mil formas que ao longo do tempo configuraron a identidade cultural galega e que hoxe lle outorgan a súa máis fonda proxección de futuro.

É xustamente a **idea de valor** a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental senón directamente vinculada ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no eido da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións.

Torre fortaleza de Sarria (Lugo)

LUGO

El símbolo de Sarria se acerca a los ocho siglos con dudas sobre su futuro

El monumento fue construido en el siglo XIII, fue derribado por los Irmandiños y pasó a manos privadas en 1860

« Lista Roja »

Torre da Fortaleza

Historia:

En la parte más alta de la villa de Sarria se conservan medio derruidos los restos de un castillo del siglo XV, aunque sus orígenes se remontan hasta el siglo XII, en tiempos en que Gutierre Ruiz de Castro y Elvira Osorio eran señores de Lemos y Sarria y la familia Castro gozaba de un gran poder en Galicia. Se construyó sobre un antiguo castro, en una loma desde donde se divisaba buena parte de la comarca. La fortaleza fue destruida durante la revuelta Irmandiña, en el siglo XV, y poco más tarde vuelta a reconstruir. Sin embargo, el escaso poder de esta fortaleza propició su abandono y ruina. Ya en el siglo XIX los fosos habían perdido toda utilidad y fueron rellenados.

Mosteiro de San Paio de Abeleda, Castro Caldelas, Ourense.

Barrio de Ferrol Vello, Ferrol (A Coruña)

Artigo 141. ***Declaración de ruína (Lei 2/2016 do solo de Galicia)***

1. Cando algunha construción ou parte dela estea en estado ruinoso, o concello, de oficio ou por instancia de calquera interesado, declarará esta situación e acordará a total ou parcial demolición, ou o procedente para garantir a seguridade, logo da tramitación do oportuno expediente contraditorio con audiencia do propietario e dos moradores, agás inminente perigo que o impida.
2. Procederá a **declaración de situación legal de ruína** nos seguintes supostos:
   a) Cando o custo das obras necesarias exceda a metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.
   b) Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais fundamentais
3. No caso de incumprimento do acordado polo concello, procederase de conformidade co disposto no artigo 136.4 desta lei.
4. **Nos bens catalogados haberá que aterse ao disposto na lexislación do patrimonio histórico aplicable.**
5. Se existe urxencia e perigo na demora, o alcalde, baixo a súa responsabilidade, por motivos de seguridade, dispoñerá o necesario respecto da habitabilidade do inmoble e do desaloxo dos ocupantes.

EL PAÍS / 14 XANEIRO 2017

Demolida la Casa Guzmán, obra maestra de Alejandro de la Sota

El arquitecto Josemaria Churtichaga define el chalé que ha reemplazado a la obra de De la Sota como "un trasto prescindible e inculto"

...

El alcalde de Algete, Cesar de la Puebla, dijo a EFE que el edificio **no tenía** ningún tipo de protección, por lo que técnicos municipales **debieron** entregar el permiso de derrumbe y de nueva construcción. Los técnicos del departamento de arquitectura municipal han señalado que la Comunidad de Madrid es la que tendría que haberle otorgado a la construcción la **protección** pertinente para poder evitar que fuera eliminada. Desde el Gobierno regional, por su parte, defienden que su objetivo es **garantizar** toda la arquitectura de la región y piden "la **colaboración**" de ayuntamientos, patronatos y fundaciones que puedan alertar de dónde se encuentran este tipo de construcciones artísticas.

"Falta sensibilidad arquitectónica"

"Era una obra que está identificada en todos los estudios del Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid [COAM]", dice el decano, José María Ezquiaga. "Estamos todavía muy lejos de que la **sensibilidad arquitectónica** empape toda la sociedad, es triste que una película o un cuadro se consideren arte desde el primer momento de su creación, y sin embargo la arquitectura contemporánea no se entienda como arte", añade.

...

" ... **derribo** de una casa / casa modesta / **joya del patrimonio** madrileño / el hijo del propietario la ha derribado / **¿por qué era importante conservarla?** / **referente** de la arquitectura actual / si el edificio hubiese estado **protegido** ... / **la comunidad de Madrid debiera haber actuado** ... subsidiariamente / **catálogos** / **guía de arquitectura** del COAM / el Colegio de Arquitectos no es una **administración** / el **ayuntamiento** es el que tiene que decir ... / los ayuntamientos **no tienen medios** / no han incurrido en ningún **delito** / nunca debiera haberse demolido / **debate** sin miedo / **pedagogía** ..."

Fachada de Praterías, Catedral de Santiago de Compostela.

La Voz de Galicia

SOCIEDADE

«Rock balancing»: as pedras que desafían ao equilibrio e ao patrimonio cultural e natural

Estas polémicas esculturas xeraron indignación nas redes pola súa aparición en lugares protexidos de o Reino Unido. Hai uns anos ameazaron o castro de Baroña

SIMÓN BALVÍS

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

Art. 1º _2. O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados.

VÍAS LEGAIS PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL. Todas estas leis teñen entre os seus fins **a preservación e a conservación dos elementos máis significativos e característicos da paisaxe e do territorio**. Perseguen **a salvagarda do seu valor patrimonial, entendido como resultante da súa configuración natural ou da intervención humana sobre o medio**, que non é outra cousa que o **patrimonio cultural.**



A **avaliación de impacto ambiental** desenvolve unha técnica de salvagarda do patrimonio cultural baseada nun exercicio de prospectiva. Supón que as obras e os proxectos, plans e programas poden ter unha incidencia negativa sobre a conservación, no so sobre o Patrimonio Cultural, senón sobre as persoas, a natureza, o Patrimonio Natural e os recursos naturais. Trátase en definitiva de avaliar esta incidencia e en función dos resultados elixir alternativas ou propoñer medidas correctoras.

A **lexislación e normativa urbanística** constitúe unha segunda vía de protección, derivada da lexislación urbanística e de ordenación do territorio.

Clasificando solo: Art. 34 h) Solo rústico de protección patrimonial, constituído polos terreos protexidos pola lexislación de patrimonio cultural. / **Establecendo condicións xerais das edificacións no solo rústico**. Art. 39.b) Prever medidas correctoras necesarias para minimiza a incidencia da actividade ... e a mellor protección da paisaxe, os recursos, o medio natural e a preservación do patrimonio cultual e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona. / **Deseñando e regulando os plans especiais**. Art. 71.1 Os plans especiais de protección teñen por obxecto preservar ... o patrimonio cultural e outros valores análogos. 3. En particular, os plans especiais cuxo obxecto sexa protexer os ámbitos do territorio declarados como bens de interese cultural conterán as determinacións exixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e o catálogo previsto no artigo 81. / **Regulando o patrimonio público do solo**. Art. 134.1. Estarán destinados, entre outros fins, a c) Conservación e mellora do ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído. / **Os plans xerais, os especiais e outos documentos urbanísticos e de ordenación do territorio teñen que incluír catálogos** h) Catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais deban ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan. / **Definición, regulación e uso dos catálogos**. Art. 81.1. Os catálogos son instrumentos complementarios dos plans que teñen por obxecto identificar os elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos, se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar. / Determinando **normas de aplicación directa** que persiguen a salvagarda e a harmonización co patrimonio cultural (Art.91) / Establecendo a necesaria prevención e limitación no **expediente de declaración de situación de ruína**. Art. 141.4 4. Nos bens catalogados haberá que aterse ao disposto na lexislación do patrimonio histórico aplicable.

QUE É O PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

OS BENS

- MOBLES
- INMOBLES
- MANIFESTACIÓNS INMATERIAIS

que polo seu

VALOR

- ARTÍSTCO
- HISTÓRICO
- ARQUITECTÓNICO
- ARQUEOLÓXICO
- ETNOLÓXICO
- PALEONTOLÓXICO
- ANTROPOLÓXICO
- INDUSTRIAL
- CIENTÍFICO E TÉCNICO
- DOCUMENTAL ou
- BIBLIOGRÁFICO

deban ser considerados como de interese para a permanencia, **recoñecemento** e **identidade** da cultura galega a través do tempo

Ademais todos aqueles bens e manifestacións inmateriais de interese para Galicia, nos que concorran algún dos valores enumerados e que se atopen en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados.

CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA



BEN MOBLE
BEN INMOBLE
MANIFESTACIÓN INMATERIAL

CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL (Lei 16/1985 LPHE)

Ley 10/2015, de 26 de mayo, para la salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial.

Coñecementos e actividades que procedan de técnicas e modelos tradicionais utilizados por unha determinada comunidade. / Manifestación Representativa del Patrimonio Cultural Inmaterial

Inmobles e obxectos **mobles** de interese:

artístico
histórico
paleontolóxico
arqueolóxico
etnográfico
científico ou
técnico

Ademais: o patrimonio bibliográfico e
documental
xacementos arqueolóxicos
sitios naturais, xardíns e parques de valor
artístico, histórico ou antropolóxico.

BIC's

INVENTARIO
XERAL DOS
BENS MOBLES
DO
PATRIMONIO
HISTÓRICO
ESPAÑOL

Bens mobles, non declarados BIC de singular relevancia

CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA



PROCEDEMENTOS DE DECLARACIÓN E CATALOGACIÓN

- Declaración de BIC:
  - Incoación por Resolución Dirección Xeral
  - Exposición pública 1 mes
  - Declaración por Decreto no Consello da Xunta de Galicia

- Catalogación dúas vías:
  - Por incorporación aos catálogos dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación territorial
  - Expresa:
    - Incoación por Resolución da Dirección Xeral
    - Aprobación por Orde do Conselleiro.

Existen declaracións e catalogacións xenéricas "ope legis" e declaración específicas ou singulares logo da tramitación dun expediente individualizado e regrado.

CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA (LEI 8/1995 LPCG)



CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

(Lei 5/2016 LPCG vs Lei 8/1995 LPCG)





CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

(Lei 5/2016 LPCG / Lei 8/1995 LPCG / Lei 16/1985 LPHE)

Bens integrantes do patrimonio cultural

LPHE 16/1985	LPCG 8/1995	LPCG 5/2016
• **BIC's** • **Bens muebles inventariados**	• **BIC's** • **Bens catalogados** • **Bens inventariados**	• **BIC's** • **Bens catalogados**

Bens censados

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

Aínda que, en teoría, o patrimonio Cultual de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles e manifestacións inmateriais que posúen determinados e concretos valores propios, o certo é que na práctica soamente gozan de da protección efectiva da lei aqueles bens que teñan sido recoñecidos formalmente como integrantes do mesmo.

O resto dos bens, que forman parte do Patrimonio Cultural de Galicia, e non teñen recoñecemento formal pódeselle aplicar certas medidas cautelares que, en xeral, tenden a desenvolver un réxime transitorio ata que consigan o seu recoñecemento derivado da lexislación de salvagarda do patrimonio cultural, ou ben lles sexa de aplicación os mecanismos derivados da lexislación urbanística.


Selección de Capas
MODELO DE ASENTAMENTO
MALLA 1:5000
INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
AFECCIÓNS
DEPURACIÓN DE AUGAS
PATRIMONIO CULTURAL
Ben de Interese Cultural
Contorno de Protección de Elementos BIC
Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural
Contorno de Protección de Elementos do Patrimonio Cultural
PEPRIs
Camiño
Camiño sen delimitar
WMS Catastro
Límites Administrativos
Entidades de Poboación PBA
Ferrol
A Coruña
Lugo
Santiago de Compostela
Pontevedra
Ourense
Vigo


Plan Básico Autonómico
Selección de Capas
MODELO DE ASENTAMENTO
MALLA 1:5000
INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
AFECCIÓNS
DEPURACIÓN DE AUGAS
PATRIMONIO CULTURAL
Ben de Interese Cultural
Contorno de Protección de Elementos BIC
Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural
Contorno de Protección de Elementos do Patrimonio Cultural
PEPRIs
Camiño
Camiño sen delimitar
WMS Catastro
Límites Administrativos
Entidades de Poboación PBA
Ferrol
A Coruña
Lugo
Santiago de Compostela
Pontevedra
Ourense
Vigo


Plan Básico Autonómico
Selección de Capas
MODELO DE ASENTAMIENTO
MALLA 1:5000
INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
AFECCIÓNS
DEPURACIÓN DE AUGAS
PATRIMONIO CULTURAL
Ben de Interese Cultural
Contorno de Protección de Elementos BIC
Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural
Contorno de Protección de Elementos do Patrimonio Cultural
PEPRIs
Camiño
Camiño sen delimitar
WMS Catastro
Límites Administrativos
Entidades de Poboación PBA



CATALOGO COMPLEMENTARIO DE MONUMENTOS E CONXUNTOS HISTORICO-ARTISTICOS OBXETO DE PROTECCION

Nº IDENTIF. EN PLANOS ORDEN. E: 1/5000	LUGAR/PARROQUIA	Nº IDENT. XACEMENTOS ARQUEOLOXICOS DA CONSELLERIA CULTURA	PRINCIPAL ELEMENTO DO CONXUNTO	OBSERVACIONS
35	/CEDEIRA		CASTELO DA CONCEPCION	ANO 1.747
36	/CEDEIRA		BATERIA DE SARRIDAL	RESTO DE EDIFICIOS: CASETA, MUROS E UNHA GARITA
37	/CEDEIRA		CRISTO DA PONTE	PRINCIPIOS DO S.XX
38	REBORDELO/CEDEIRA		CRISTO DE REBORDELO	XUNTO A DONDE ESTABA A PORTA DO MESMO NOME. ANO 1.743
39	/CEDEIRA		GARITA DE EIXIL (RUINAS)	REEDIFICADA EN 1.796. BOA PANORAMICA
40	/CEDEIRA		CAPELA DO AMOR FERMOSO	FINS S.XIX
42	CANCELO/CERVO	15022003	NECROPOLIS STA. EULALIA	MEDIEVO

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES

BENS **CATALOGADOS** (BC's) *LPCG 5/2016 _ Artg. 8.2*
BENS **DECLARADOS DE INTERESE CULTURAL** (BIC's) *LPCG 5/2016 _ Artg. 8.3*

a.	**MONUMENTO**	*LPCG 5/2016 / LPCG 8/1995 / LPHE 16/1985*
b.	**XARDÍN HISTÓRICO**	*LPCG 5/2016 / LPCG 8/1995 / LPHE 16/1985*
c.	**SITIO HISTÓRICO**	*LPCG 5/2016 / LPCG 8/1995* / LPHE 16/1985*
d.	**XACEMENTO OU ZONA ARQUEOLÓXICA**	*LPCG 5/2016 / LPCG 8/1995 / LPHE 16/1985*
e.	**VÍAS CULTURAIS**	*LPCG 5/2016*
f.	**LUGAR DE VALOR ETNOLÓXICO**	*LPCG 5/2016 / LPCG 8/1995**
g.	**CONXUNTO HISTÓRICO**	*LPCG 5/2016 / LPCG 8/1995 / LPHE 16/1985*
h.	**PAISAXE CULTURAL**	*LPCG 5/2016*
i.	**TERRITORIO HISTÓRICO**	*LPCG 5/2016 / LPCG 8/1995**

CONTORNO DE PROTECCIÓN
Non é un BC nin un BIC

Obriga: MONUMENTO
ZONAS ARQUEOLÓXICAS
VÍAS CULTURAIS

Opcional: RESTO DE CATEGORÍAS

ZONAS DE AMORTECEMENTO
Non é un BC nin un BIC

Opcional: TODAS AS CATEGORÍAS

BENS **CENSADOS** *LPCG 5/2016 _ Artg. 14*

Os bens e manifestacións inmateriais do patrimonio cultual de Galicia, en tanto non fosen declarados de interese cultural ou catalogados, incluiranse no **Censo do Patrimonio Cultural** para a súa documentación, estudo, investigación e difusión dos seus valores.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTO

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTO

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTOS / PATRIMONIO MUNDIAL

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTO

Artg. 10.1 Lei 5/2016 LPCG

a) Monumento: a obra ou construción que constitúe unha unidade singular recoñecible de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTO / Bens declarados BIC

Edificios públicos

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTO / Bens catalogados

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTO / Bens catalogados

Bens privados que integran o patrimonio urbano e o patrimonio rural: a arquitectura residencial, a arquitectura tradicional, a arquitectura adxectiva, o patrimonio industrial, ...

- Arquitectura culta ou popular
- De distintos estilos artísticos e arquitectónicos
- Con distinta antigüidade, pertencente a distintos periodos históricos

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: XARDÍN HISTÓRICO

b) Xardín histórico: o espazo delimitado produto da ordenación planificada de elementos naturais e artificiais de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, antropolóxico ou científico e técnico.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: SITIO HISTÓRICO

c) Sitio histórico: o lugar vinculado a episodios relevantes do pasado, a tradicións populares ou a creacións culturais singulares de interese histórico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, etnolóxico, antropolóxico ou científico e técnico.

MODELOS DE INTERVENCIÓN

INVESTIGACIÓN

Accións que teñan como obxectivo ampliar o coñecemento sobre o ben ou o seu estado de conservación e que afecten directamente o seu soporte material. Inclúe as accións e procedementos necesarios para elaborar un diagnóstico e caracterizar os materiais e os riscos que afectan o ben.

VALORIZACIÓN

Medidas e accións sobre os bens culturais ou o seu ámbito próximo que teñan por obxecto permitir a súa apreciación, facilitar a súa interpretación e acrecentar a súa difusión, especialmente no ámbito educativo, e a súa función social

MANTEMENTO

Actividades cotiás, continuas ou periódicas de escasa complexidade técnica sobre o soporte material dos bens ou o seu ámbito próximo para que manteñan as súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou introdución de novos elementos. Procedementos e actuacións de monitorización que teñan por obxecto realizar o seguimento e medición das lesións, dos axentes de deterioración ou dos posibles factores de risco, e os dirixidos a implantar e desenvolver accións de conservación preventiva.

CONSERVACIÓN

Medidas e accións dirixidas a que os bens conserven as súas características e os seus elementos en adecuadas condicións, que non afecten a súa funcionalidade, as súas características formais ou o seu soporte estrutural, polo que non supoñerán a substitución ou a alteración dos seus principais elementos estruturais ou de deseño, pero si actuacións no seu ámbito co obxecto de evitar as causas principais da súa deterioración

CONSOLIDACIÓN

Accións e medidas dirixidas ao afianzamento, o reforzo ou a substitución de elementos danados ou perdidos para asegurar a estabilidade do ben, preferentemente co uso de materiais e elementos da mesma tipoloxía que os existentes, ou con alteracións menores e parciais dos seus elementos estruturais, respectando as características xerais do ben.

RESTAURACIÓN

Accións para restituír o ben ou as súas partes ao seu debido estado, sempre que se dispoña da documentación suficiente para coñecelo ou interpretalo, con respecto aos seus valores culturais. A restauración pode implicar a eliminación de elementos estraños ou engadidos sen valor cultural ou a recuperación de elementos característicos do ben, conservando a súa funcionalidade e estética

REHABILITACIÓN

Accións e medidas que teñan por obxecto permitir a recuperación dun uso orixinal perdido ou novo compatible cos valores orixinais dun ben ou dunha parte del, que poden supoñer intervencións puntuais sobre os seus elementos característicos e, excepcionalmente e de maneira xustificada, a modificación ou a introdución de novos elementos imprescindibles para garantir unha adecuada adaptación aos requirimentos funcionais para a súa posta en uso. Inclúense as accións destinadas á adaptación dos bens por razón de accesibilidade

REESTRUTURACIÓN

Accións de renovación ou transformación en inmobles nos que non se poida garantir o seu mantemento ou o seu uso polas súas malas condicións de conservación ou por deficiencias estruturais e funcionais graves e que poden supoñer unha modificación da súa configuración espacial e a substitución de elementos da súa estrutura, acabado ou outros determinantes da súa tipoloxía, cun alcance puntual, parcial ou xeral.

AMPLIACIÓN

Accións destinadas a complementar en altura ou en planta bens inmobles existentes con criterios de integración compositiva e coherencia formal compatibles e respectuosos cos seus valores culturais preexistentes.

RECONSTRUCIÓN

Acción destinada a completar un estado previo dos bens arruinados utilizando partes orixinais destes cuxa autenticidade poida acreditarse. Por razóns xustificadas de recomposición, interpretación e correcta lectura do valor cultural ou da imaxe do ben admitiranse reconstrucións parciais de carácter didáctico ou estrutural, que afecten elementos singulares perfectamente documentados.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: XACEMENTO OU ZONA ARQUEOLÓXICA

d) Xacemento ou zona arqueolóxica: o lugar no que existen evidencias de bens mobles ou inmobles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, ou antropolóxico.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: ~~XACEMENTO OU ZONA ARQUEOLÓXICA~~

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: MONUMENTO

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: VÍA CULTURAL

e) Vías culturais: a vía ou camiño de características orixinais recoñecibles que forma parte ou que o formou no pasado da estrutura tradicional do territorio, cun relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: LUGAR DE INTERESE ETNOLÓXICO

f) Lugar de valor etnolóxico: o ámbito no que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: CONXUNTO HISTÓRICO

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: CONXUNTO HISTÓRICO

g) Conxunto histórico: a agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo por interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia.

A cidade como ben cultural



27. Plano actual del barrio de la Magdalena con detalle del parcelario.

O **trazado**, o **plano**, as **aliñacións** e a **parcelación**, son as principais persistencias, os testemuños, da historia da cidade. Constitúen, xunto coa tradición construtiva e a imaxe ambiental urbana, os principais elementos para caracteriza-los valores culturais dun conxunto histórico.

Son a materialización da memoria da cidade.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: CONXUNTO HISTÓRICO



Na actualidade o concepto de conxunto histórico supera ó da protección ambiental ou ó da protección dunha forma típica ou tradicional de contruir a imaxe da cidade, as fachadas. O que se protexe é a integridade do seu valor cultural como memoria e testemuño da evolución dunha colectividade humana e a forma na que ocupou un territorio concreto para xerar unha cidade, un espazo urbano, un espazo construído para a vida en común.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: CONXUNTO HISTÓRICO



CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: PAISAXE CULTURAL

h) Paisaxe cultural: o lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade.

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: PAISAXE CULTURAL





15452 23 septiembre 1971

En el orden arquitectónico y artístico, la comarca se beneficia de la esplendidez de los señoríos feudales —eclesiásticos o civiles— del Medievo. El auge de la vida monástica y la protección dispensada por la antigua y poderosa casa de los An-

Disposición transitoria terceira. *Clasificación provisional dos bens de interese cultural declarados paraxes pintorescas*

1. Os bens declarados baixo a figura de **paraxe pintoresca** recoñecida de forma provisional como ben de interese cultural na disposición transitoria oitava da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e que posteriormente non seguiron o desenvolvemento previsto no marco da lexislación en materia ambiental e de conservación da natureza, **terán a consideración provisional de bens de interese cultural coa categoría de paisaxe cultural** e a súa delimitación e réxime corresponderán cos dunha **zona de amortecemento** para os efectos do control das actividades que poidan supoñer unha modificación substancial do territorio.

2. No prazo de dous anos desde a aprobación desta lei incoarase o procedemento de revisión adecuado dos bens declarados de interese cultural como paraxes pintorescas para a súa categorización no marco desta lei e a efectiva protección dos seus valores culturais.



Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en La Coruña a trece de agosto de mil novecientos setenta y uno.

FRANCISCO FRANCO

El Ministro de Educación y Ciencia,
JOSE LUIS VILLAR PALASI

CATEGORÍAS DOS BENS INMOBLES: TERITORIO HISTÓRICO

i) Territorio histórico: o ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico.

BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS. Presunción de valor cultural

PATRIMONIO ARTÍSTICO
Artigo 83. *Concepto*

1. Para os efectos desta lei, integran o patrimonio artístico de Galicia as manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia.

2. Sen prexuízo da súa posible declaración como bens de interese cultural de forma individualizada, incluiranse no **Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia** as manifestacións escultóricas realizadas en madeira e as manifestacións pictóricas cuxa antigüidade sexa anterior a **1600**.

3. Os escudos elaborados con anterioridade a **1901** teñen a consideración de **bens de interese cultural**.

BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS. Presunción de valor cultural

PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO
Artigo 87. *Concepto*

1. Para os efectos desta lei, integran o patrimonio arquitectónico os inmobles e os conxuntos destes, e as obras da arquitectura e da enxeñaría histórica ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural e sexan testemuño dunha época histórica ou dos cambios na forma de entendela.

2. O patrimonio arquitectónico caracterízase polas técnicas construtivas, os volumes, os espazos e os usos, as linguaxes formais e a expresividade das estruturas, e as cores e as texturas dos materiais.

3. O patrimonio arquitectónico aparece integrado de forma harmónica no territorio, formando parte das cidades, dos núcleos urbanos e rurais tradicionais e dos seus contornos naturais ou construídos, así como nos ámbitos territoriais que contribuíu a transformar e caracterizar.



BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS. Presunción de valor cultural

PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Art. 88 Contido do patrimonio arquitectónico

a) Bens propios da arquitectura defensiva 1849
b) Edificios relacionados co culto relixiosos 1836
c) Edificios propios da arquitectura civil 1926
d) Edificios destinados ao uso privado de carácter rural ou urbano 1803
e) Edificios da arquitectura ecléctica, modernista, racionalista, do movemento moderno, ... 1965
f) Edificios propios das obras públicas e a enxeñería histórica 1901





BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS. Presunción de valor cultural

f) Os **inmobles e construcións propios das obras públicas e a enxeñaría histórica** que aparecen integrados de forma harmónica no territorio formando parte das cidades, núcleos urbanos ou rurais tradicionais e das franxas territoriais que transformaron, axudaron a construír e caracterizan culturalmente. Forman parte da enxeñaría histórica as pontes, os túneles, as estacións e os edificios ferroviarios, as presas, as canles e os abastecementos, os faros e os peiraos, as infraestruturas e os edificios portuarios, e outras construcións que posúan unha significativa dimensión paisaxística, urbana, territorial, técnica e arquitectónica e que fosen construídos antes de *1901*.

BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS. Presunción de valor cultural

PATRIMONIO ETNOLÓXICO
Artigo 91. *Concepto*

1. Para os efectos desta lei, integran o patrimonio etnolóxico de Galicia os lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia.

2. A declaración ou catalogación dun ben etnolóxico de carácter inmaterial poderá incluír a protección dun ámbito territorial vinculado a el, así como a dos bens mobles ou inmobles que se lle asocien.



BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS. Presunción de valor cultural

a) Os hórreos, os cruceiros, as cruces de mortos, as de termo e os petos de ánimas. 1901
b) As construcións tradicionais de cuberta vexetal como as pallozas e os chozos característicos das serras galegas.
c) Os batáns e os muíños de río, de mareas ou de vento tradicionais, incluída a infraestrutura hidráulica necesaria para o seu funcionamento.
d) As fontes e os lavadoiros comunais ou públicos de carácter tradicional
e) As ferrarías, as telleiras, os talleres artesanais e os fornos de cal, cerámicos ou de pan de uso comunal, de carácter tradicional.
f) Os camiños reais, as pontellas tradicionais e as eiras de mallar de carácter comunal, sempre que conserven de forma suficiente a súa traza, aspecto, carácter, formalización e pavimento tradicionais.
g) As alvarizas, as neveiras, as pesqueiras ou gamoas e os foxos de lobo.
h) Os recintos de feira, os santuarios tradicionais, os quioscos de música e as carballeiras de uso público ou consuetudinario relacionado co tempo de lecer e a celebración festiva de carácter tradicional.
i) As fábricas de salgadura, as carpintarías de ribeira e as embarcacións tradicionais do litoral e dos ríos de Galicia.

BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS. Presunción de valor cultural

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO
Artigo 93. *Concepto*

Para os efectos desta lei, integran o patrimonio arqueolóxico de Galicia os bens do patrimonio cultural de Galicia de interese histórico, mobles e inmobles, susceptibles de ser estudados con método arqueolóxico, fosen extraídos ou non e tanto se se encontran na superficie coma no subsolo, nas augas interiores ou no mar territorial. Así mesmo, forman parte deste patrimonio os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos relacionados coa historia humana, as súas orixes, os seus antecedentes e o seu desenvolvemento sobre o medio.

Artigo 94.2 Natureza e protección

- ✓ Pertencen ao dominio público
- ✓ Son BIC as covas, abrigos e lugares ao aire libre con manifestación de arte rupestre
- ✓ Para os efectos desta lei, presúmese a existencia de valor arqueolóxico nos restos paleolíticos, neolíticos e megalíticos, como as mámoas, os menhires e os dolmens, calcolíticos e da idade de bronce, así como nos representativos da cultura castrexa e galaico-romana.



A intervención administrativa sectorial en materia de patrimonio cultural

AUTORIZACIÓNS

ÓRGANOS E ADMINISTRACIÓNS COMPETENTES E RESPONSABLES

ESTADO ESPAÑOL

- Protección contra a exportación ilícita
- Protección contra a espoliación
- Bens integrantes do PHE adscritos a servizos públicos xestionados polo estado
- Bens do Patrimonio Nacional

XUNTA DE GALICIA

- **Competencia exclusiva sobre o PCG**
- Informe sobre plans, programas e proxectos relativos a ámbitos coma a paisaxe, desenvolvemento rural ou infraestruturas, ou calquera outro que por incidir sobre o territorio afecte ao PCG.
- Informe os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico
- Autorización de interbencións sobre os BIC, BC, nos seus contornos de protección e áreas de amortecemento.
- Autorización exclusiva sobre BIC's , bens catalogados propiedade da Igrexa Católica e bens catalogados integrantes do patrimonio artístico e arqueolóxico.
- Réxime sancionador

ADMINISTRACIÓN LOCAL

- Protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens e comunicar a XG calquera ameaza, perturbación ou dano.
- Adoptar no caso de emerxencia as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viren a súa integridade ameazada
- Autorizacións en conxuntos históricos, zonas arqueolóxicas, lugares de valor etnolóxico ou sitios históricos BIC, con Plan especial aprobado, agás BIC singulares, BC artísticos e arqueolóxicos e bens de titularidade da Igrexa Católica.
- Idem paisaxes culturais e territorio históricos BIC con instrumento específico de ordenación.
- Concellos habilitados.- Autorización de actuacións en bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e os seus contornos de protección e zonas de amortecemento.

PROPIETARIOS

- As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a comunicar calquera dano e prexuízo que afecte ao seu valor cultural de forma significativa e a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e evitar a súa perda, destrución e deteriración.
- Permitir o acceso aos BIC e BC ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador acreditado pola Admon. competente e ao persoal técnico da Admon competente para a realización de informes de procedementos de declaración
- Obrigados a permitir a visita pública gratuíta un mínimo de 4 días ao mes, polo menos 4 horas ao día.

IGREXA CATÓLICA

- As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e evitar a súa perda, destrución e deteriración.
- Obrigada a velar pola protección, conservación, acrecentamento, visualización pola cidadanía e difusión do PCG da súa propiedade.

DEREITOS E DEBERES DA CIDADANÍA

- Acceso, coñecemento e desfrute, así como á transmisión e á divulgación social do patrimonio cultural de Galicia.
- Calquera persoa está obrigada a cumprir os deberes establecidos nesta lei para a protección do patrimonio cultural e a actuar coa dilixencia debida no seu uso.
- Calquera persoa está lexitimada para actual ante a Administración pública da Comunidade Autónoma en defensa do patrimonio cultural de Galicia.

Instrumentos de control: **Autorizacións Administración Autonómica**

Existe a obriga de someter a **informe** da consellería competente en materia de patrimonio cultural.
Art. 34 LPCG

- ✓ Todos os **plans**, **programas** e **proxectos** relativos a ámbitos coma a paisaxe, o desenvolvemento rural, as infraestruturas e calquera outro que ao incidir sobre o territorio poida afectar ao patrimonio cultural.

- ✓ No caso dos **procedementos de avaliación ambiental** o organismo competente para a súa tramitación solicitará informe preceptivo da consellería competente en materia de patrimonio cultural

- ✓ Todos os **instrumentos** de **ordenación do territorio e de planeamento urbanístico**.

  Non será preceptivo no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento parcial de ámbitos limitados nos que a Administración local respectiva certifique a constancia da inexistencia de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia , baseada en informes previos cunha antigüidade inferior aos 5 anos da consellería competente.

Instrumentos de control: **Autorizacións Administración Autonómica**

Obrigas para o planeamento urbanístico.
Art. 35 LPCG

- ✓ Incluír no seu catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural, tanto os BIC, coma os bens catalogados, así como os que de forma motivada indique a consellería competente en materia de patrimonio cultural.

- ✓ Garantir por medio da súa normativa e a proposta de ordenación a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural.

- ✓ Establecer un réxime especial que garanta a protección dos valores culturais dos bens incluídos no seu catálogo, cunha información detallada e unhas ordenanzas específicas que regulen as actividades e as intervencións compatibles cos devanditos valores.

- ✓ Os concellos están obrigados a incluír no seu planeamento urbanístico xeral os bens inmobles que se declaren BIC ou se cataloguen, así como a establecer as determinacións específicas para o seu réxime de protección e conservación.

- ➢ **Cualificar como solo rústico os solos protexidos pola lexislación do patrimonio cultural**. (Art. 34 Lei 2/2016 do solo de Galicia)

Instrumentos de control: **Autorizacións Administración Autonómica**

Autorización de **intervencións**

Art. 39 LPCG

Terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural

- ✓ As **intervencións** que se pretendan realizar en **bens de interese cultural** ou **catalogados**
- ✓ As **intervencións** que se pretendan realizar no **contorno de protección** e na **área de amortecemento** de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados

Coas excepcións establecidas na lei.

- ✓ Os **cambios de uso substanciais** atendendo ao criterio de subordinar a utilizacións dos bens declarados de interese cultural e catalogados a que non se poña en perigo os valores que aconsella a súa protección.

Estas autorizacións teñen **carácter independente** de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.

NIVEIS DE PROTECCIÓN

INTEGRAL

INVESTIGACIÓN
VALORIZACIÓN
MANTEMENTO
CONSERVACIÓN
CONSOLIDACIÓN
RESTAURACIÓN

REHABILITACIÓN / Condicionada a garantir a conservación de valores.

AMPLIACIÓN / Exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, complementaria a esta, se é imprescindible para dar viabilidade e resolta con volumes diferenciados.

RECONSTRUCIÓN / Excepcional. Elementos orixinais de autenticidade probada.

ESTRUTURAL

INVESTIGACIÓN
VALORIZACIÓN
MANTEMENTO
CONSERVACIÓN
CONSOLIDACIÓN
RESTAURACIÓN
REHABILITACIÓN

REESTRUTURACIÓN PUNTUAL OU PARCIAL / A través de proxecto de intervención, xustificada, elementos análogos ou coherentes.

AMPLIACIÓNS / En planta e altura.

RECONSTRUCIÓN / Excepcionais, empregando elementos orixinais de autenticidade probada.

AMBIENTAL

INVESTIGACIÓN
MANTEMENTO
CONSERVACIÓN
CONSOLIDACIÓN
RESTAURACIÓN
REHABILITACIÓN
REESTRUTURACIÓN

AMPLIACIÓN / Sempre que non supoña unha deterioración ou destrución dos valores culturais.

Instrumentos de control: **Autorizacións da Administración Autonómica**

Réxime xurídico – procedemento administrativo das autorizacións

- ✓ Os procedementos inícianse a instancia do interesado
- ✓ O silencio, habitualmente positivo, no caso das autorizacións do patrimonio cultural é negativo, tanto nas intervencións que afectan aos bens de interese cultural como aos catalogados, ou aos seus contornos de protección ou áreas de amortecemento. Se a consellería non resolve no prazo de tres (3) meses.
- ✓ As autorizacións enténdese que se outorgan sen prexuízo de terceiros e exclusivamente no ámbito das competencias en materia de conservación e protección do patrimonio cultural.
- ✓ Outórganse baixo o principio de irrevogabilidade por motivos de oportunidade, que no seu caso determinaría o dereito a indemnización, e por motivos de ilegalidade é preciso seguir un procedementos específico.
- ✓ Habitualmente inclúen condicións e cautelas ou obrigas previas á autorización definitiva: modificación de materiais e acabados, aplicación de metodoloxías, investigacións arqueolóxicas previas, necesidade de presentar proxectos de restauración e conservación de bens culturais ou de supervisión/investigación arqueolóxica
- ✓ En moitas ocasións son concorrentes, e sempre independentes, con outras autorizacións e licenzas administrativas.

O PROXECTO DE INTERVENCIÓN.
Un documento necesario e imprescindible.

É **obrigado** en calquera actuación que exceda as de mantemento. *Art. 43 LPCG 5/2016*

Contido:

- Datos de identificación
- Estudo do ben e da súa documentación histórico-artística
- Análise previa: física, química ou biolóxica, segundo o caso
- Fichas de diagnose do estado de conservación
- Proposta e metodoloxía de actuación
- Análise crítica do valor cultural e de avaliación da proposta
- Descrición, enumeración das técnicas e materiais que se van empregar
- Documentación gráfica
- Programa de mantemento e conservación preventiva

Aspectos ou partes do proxecto e cuestións as que debe dar resposta:

- Identificación do bens o dos valores culturais presentes
- Análise e diagnose
- Proposta de actuación
- Obxectivos e condicións de conservación e condicións de uso futuro para garantilos

PROXECTOS DE INTERVENCIÓN

*Art. 38 LPCG 8/1995.- Calquera **proxecto de intervención** nun ben inmoble declarado BIC deberá incorporar un informe sobre a súa importancia artística, histórica e/ou arqueolóxica, que inclúa a avaliación da intervención que se propón, elaborado por técnico competente en cada unha das materias.*

Artigo 43. LPCG 5/2016. Proxecto de intervención e memoria final de execución

*1. As actuacións que excedan as de mantemento sobre os bens declarados ou catalogados exixirán a elaboración do correspondente **proxecto de intervención**, que conterá os seus datos de identificación, o estudo do ben e da súa documentación histórico-artística, a análise previa física, química ou biolóxica, segundo o caso, fichas de diagnose do seu estado de conservación, a proposta e metodoloxía de actuación, a análise crítica do valor cultural e da avaliación da proposta, as técnicas, produtos e materiais que se van empregar, a documentación gráfica da actuación e o programa de mantemento e conservación preventiva.*

O PROXECTO DE INTERVENCIÓN.
Un documento necesario e imprescindible.

LOE 38/1999 Ordenación da edificación.

Artigo 2.2 Terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras: ... d) Obras que teñan o carácter de **intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico**, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e **aquelas outras de carácter parcial que afecten aos elementos ou partes obxecto de protección**.

Artigo 4.1 O proxecto é o conxunto de documentos mediante os cales **se definen e determinan** as esixencias técnicas das obras recollidas no artigo 2.

O proxecto **deberá xustificar tecnicamente as solucións propostas** de acordo coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

O PROXECTO DE INTERVENCIÓN.
Un documento necesario e imprescindible.

LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Artigo 142. **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas**
1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

Artigo 143. **Procedemento de outorgamento de licenzas**

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse **proxecto completo** redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

PROXECTOS DE INTERVENCIÓN

Artigo 353.2d do RLSG 2/2016 / D.216/2016

Enténdese por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van realizar co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración **coñecer o obxecto** daquelas e decidir se se axustan ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas nela.

O proxecto terá que **xustificar tecnicamente as solucións propostas** de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

O devandito proxecto técnico conterá unha memoria urbanística, como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa **adecuación á ordenación vixente**, con **expresa indicación da** clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e **das ordenanzas aplicables a el**.

A memoria do proxecto **desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 / Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe**, e irá acompañada dos correspondentes planos de situación a escala axeitada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido.

Igualmente, conterá unha **memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial**.

... f) Cando non sexa esixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as **características xerais do seu obxecto e do inmoble** en que se pretenda levar a cabo...

... i) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles. ...

O PROXECTO DE INTERVENCIÓN.
Un documento necesario e imp

É **obrigado** en c

LPCG 5/2016

Artigo 43. *Proxe*

1. As actuación bens declarados ou catalogados e de intervención, que conterá os seu súa documentación histórico-artístic undo o caso, fichas de diagnose do s xía de actuación, a análise crítica do cnicas, produtos e materiais que se va e o programa de mantemento e cons

Regulamentariament características que debe reunir cada

Artigo 43.5. Quedan exceptuadas do requisito de elaboración do proxecto de intervención as **actuacións de emer-xencia** acreditadas mediante unha proposta de intervención debidamente xustificada, que se limitarán aos labores estritamente necesarios para evitar as causas urxentes da súa deterioración de forma provisional.

Unha vez finalizada a actuación de emerxencia, a persoa propietaria do ben deberá facer entrega dunha **memoria** asinada por un técnico ou unha técnica competente, na que se recolla todo o proceso do traballo seguido.

Artigo 32. ***Deber de conservación***

As re
ber
ma

Lei 2/2016 do solo de Galicia

Artigo 135. ***Deberes de uso, conservación e rehabilitación***

1.c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.
1.d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento.
1.e) Realizar obras adicionais por **motivos turísticos ou culturais** ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

Arti

2. A
Gal

2. O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmoble de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

a)
b) s
c)
d) lei.

CONTORNOS DE PROTECCIÓN E ÁREAS DE AMORTECEMENTO



CONTORNOS DE PROTECCIÓN E ÁREAS DE AMORTECEMENTO

L.5/2016 LPCG.- Artigo 12. ***Contorno de protección***

1. Os monumentos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo as súas características, poderá establecerse un contorno de protección para as demais categorías de bens.

2. O contorno de protección dos bens inmobles de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Na declaración de ben de interese cultural ou na catalogación do ben estableceranse as limitacións de uso e os condicionantes necesarios para a salvagarda do dito contorno de protección, sen que isto supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado.





CONTORNOS DE PROTECCIÓN E ÁREAS DE AMORTECEMENTO






41
Agro de Xan
11.1
O Allo
11.1
Cemiterio
Igreiro
San Pedro
Agro de Xan
21
Campo do Feiro
Lamiteira Nova
GA15093090

CONTORNOS DE PROTECCIÓN E ÁREAS DE AMORTECEMENTO

L.5/2016 LPCG.- Artigo 13. ***Zona de amortecemento***

1. Poderá delimitarse unha área aoredor dos bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados e, de ser o caso, dos seus correspondentes contornos de protección, denominada zona de amortecemento, co obxecto de reforzar a súa protección e as súas condicións de implantación no territorio. A declaración de interese cultural ou a catalogación do ben determinará o réxime de limitacións ou condicionantes na dita zona de amortecemento, sen que isto supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado.

2. Para delimitar a zona de amortecemento teranse en conta as condicións de visibilidade e perspectiva do ben, así como outros aspectos ou atributos que sexan funcionalmente significativos para a protección dos valores culturais dos bens en relación co territorio.

3. No caso de que se delimite unha zona de amortecemento deberá determinarse de forma explícita para cada ben, concretando as actividades, dotacións, instalacións ou infraestruturas que, pola súa potencial afección aos seus valores culturais, requiran a autorización previa para a súa execución da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.



CONTORNOS DE PROTECCIÓN E ÁREAS DE AMORTECEMENTO



CONTORNOS SUBSIDIARIOS DE PROTECCIÓN

MONUMENTOS
ZONAS ARQUEOLÓXICA
VÍAS CULTURAIS

SOLOS RÚSTICOS
NÚCLEOS RURAIS HISTÓRICO – TRADICIONAIS
SOLOS URBANIZABLES

- **20 m** — PATRIMONIO ETNOLÓXICO
- **30 m** — VÍAS CULTURAIS
- **50 m** — ARQUITECTURA TRADICIONAL
- **100 m** — PATRIMONIO ARQUITECTÓNICOS
- **200 m** — PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

SOLOS URBANOS
SOLOS NÚCLEO RURAL COMÚN

- **Parcela propia ata 20 m** — BENS ETNOLÓXICOS E ARQUITECTURA TRADICIONAL
- **Límites das parcelas lindeiras** — VÍAS CULTURAIS
- **50 m** — BIC's
- **20 m** — BC's
- **Soares e parcelas contiguas e espazos libres ata 50 m** — PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Instrumentos de control: Autorizacións Administración Autonómica

Precisan autorización previa as intervencións nos **contornos de protección**
Art. 45 LPCG

- ✓ Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional
- ✓ Intervencións de calquera tipo que se manifesten ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes
- ✓ As actuacións que afecten:
  - á estrutura parcelaria
  - as actuacións que afecten aos elementos característicos da estrutura territorial tradicional
  - os espazos libres
  - a topografía característica do ámbito
- ✓ Os proxectos de urbanización
- ✓ As implantacións de usos ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación do ben no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais
- ✓ As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

As restantes intervencións no contorno de protección <u>non necesitarán autorización</u> previa ao outorgamento de licenza.

ACTUACIÓNS NAS ÁREAS DE AMORTECEMENTO (BIC e BC)

Requiren autorización previa nas **áreas de amortecemento**:
Art. 47.2

- ✓ Grandes explotacións agrícolas, gandeiras ou de acuicultura que deban ser sometidas a trámite ambiental.
- ✓ Explotacións extractivas que supoñan unha actividade a ceo aberto do material, as súas instalacións ou depósitos de entullos.
- ✓ Instalacións da industria enerxética.
- ✓ Instalacións da industria siderúrxica, mineira, química, téxtil ou papeleira.
- ✓ Infraestruturas de transporte e comunicación
- ✓ Grandes infraestruturas hidráulicas e de aproveitamento da auga
- ✓ Instalacións de xestión e tratamento de residuos
- ✓ Grandes transformacións da natureza do territorio para a implantación de novos usos
- ✓ Explotacións forestais, agás aquelas que conten cun instrumento de ordenación ou xestión aprobado con informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Moitas grazas

Manuel Mª Chaín Perez
manuel.chain.perez@xunta.gal
Teléfono: 981.546.590